



Deseñando a Romaxe



A foto que fala

Neste número collemos vacacións. Gozade do verán e lémonos en setembro!
[Foto: Josh Edelson]



O trasno A couza

Daniel López Muñoz



A Ourensanía era un termo que daba moito de si cando o pronunciaba xente como Baltar o vello.

Eran outros tempos. Ourensanía era que un dos maiores empregadores da provincia máis pobre e envellecida de Galicia fose a súa Deputación, co seu buque insignia: aquel pazo provincial dos prodixios, o edificio público que disque tiña a taxa máis alta de porteiros por porta de toda Europa. Porque, a ver, non é acaso un orgullo “coirdar dos de un”? Ourensanía era esa maneira de estar no mundo, har-

monizando contrarios, e que unha alto cargo do PP casase cun líder nacionalista de esquerda, e viceversa, porque o importante é que na familia haxa algo de todo, polo que poida pasar. A ourensanía parecía unha grande cooperativa; parecía, pero non, non tal. Era, en realidade, unha gran familia. E a familia é a familia, que diría don Vito. E o respecto é o respecto.

Pero seica nada dura para sempre. A cousa foi dexenerando coas novas xeracións, nunca mellor dito. É o que teñan as dinastías. Ai, aquelas gravacións do Baltar fillo chamboneando sen estilo un postiño de traballo a cambio de sexo furtivo nun hotel!; aqueles días negros para a ourensanía enxebre, días nos que caemos da burra todos aqueles que pensabamos que iso da “erótica do poder” era unha metáfora sociolóxica. Buff! E a

xuíza resolvendo que si houbera tratado, que a muller fixo a súa parte, pero que el non moveu un fío no departamento de persoal! Prometer e non dar. Aquilo era un sinal. Nada ía ser o que fora. A couza entrara na cerna. E atrás quedou o Código da Familia, o saber *protexer*, con estilo e mando, con vara alta na vida e os destinos da xente, con estilo. Aquela graza de saber recibir o agradecemento electoral coa elegancia dun feirante cando cerra un trato.

A couza. Xente sería que escribe nos xornais xa nolo dicía días atrás. Para conservar a Deputación ourensá o PP de Feijoo pactou con quen eles alcumaban como “letal” para Ourense. E o letal, vaia, vaia, novo alcalde de Ourense, non dubidou en soste na presidencia da Deputación a quen el alcumara de “psicópata con gravata”. Cambio de cromos. Cámbioche o letal polo psicópata, non sexa que vaia gobernar a lista máis votada. Pero iso, vaítes, non, iso no é un “pacto de perdedores”

Feijoo vai necesitar moito *xylacel*.

Recibimos con gozo a información da convocatoria dese evento da Coruña que resiste e crea esperanza: Falamos de “Acampa, pola paz e o dereito a refuxio”; un orixinal evento de primavera. E nunca mellor dito, porque é toda unha primavera de evento, no medio de funestos augurios, a contracorrente dun neofascismo que se nos inocula na alma e nos mancha o máis sagrado: a inocencia, o dereito a que medre en nós o soño dunha humanidade única.

Acampa vén sendo un alegato, unha “actuación colectiva”, unha gran simulación dun campamento de refuxiados. Parece un xogo. Pero é un berro colectivo. Esta orixinal iniciativa xa foi portada de *Irimia*

Sempre podemos facer algo

cando comezaba e agora, na edición que se celebrou en xuño, demostra que vai sendo unha historia máis madura, capaz de involucrar á Universidade da Coruña, á Alcaldía da cidade e á Deputación Provincial.

Cousas así fan falta para contrarestar o veneno da xenofobia. Vemos como se magnifican os incidentes con persoas refuxiadas e inmigrantes para cobrar en votos a favor de propostas supremacistas. A solidariedade é vulnerable. Necesita alimentarse, compensar a demagogia da ultradereita. Por iso é importante que cousas que pasan, como os pequenos éxitos de inmigrantes, os programas de integración e as accións como Acampa nos axuden a contrarrestar aqueles relatos.

A situación é grave. Hai no mundo máis de 1.000 millóns de persoas que están en movemento. Setenta millóns tiveron que deixar os seus fogares por causa de violencia, guerras ou desprazamento forzado. Moitas nutren caravanas de migrantes que cruzan fronteiras a través de rutas de miles de quilómetros en condición inseguras e de extrema vulnerabilidade, e son obxectivo das redes de tráfico e trata de persoas.

No recente día Mundial do refuxiado, a Rede Migrantes con dereitos (integrada pola Comisión Episcopal de Migracións, Cáritas, e migrantes CONFER e Xustiza e Paz) instaba aos líderes políticos a fortalecer o compromiso coa realidade das persoas refuxiadas e a xerar mecanismos de protección e acollida. E unha denuncia moi concreta: “Asistimos en Europa a unha criminalización de quen tende a súa man a refuxiados e migrantes”

Ás veces a nosa actuación pode ser moi decisiva. Outras podemos contribuír a nutrir o espírito de acollida e a derrubar prexuízos xenófobos. Tamén podemos apoiar iniciativas como Acampa. Sempre podemos facer algo.





1



3



2



4

 **UNITARIA**

A peneira

1

Co verán chegan tamén os **FESTIVAIS DE MÚSICA**. O sector, que constituíu xa a Asociación dos Festivais de Galicia, vive un excelente momento e a oferta é cada ano máis ampla e variada. Malia ás novidades, sempre hai que facer un oco para clásicos como o Festival Internacional de Música Celta de Ortigueira (do 11 ao 14 de xullo) e o Festival de Pardiñas (2, 3 e 4 de agosto), que andan xa pola súa edición 41 e 40, respectivamente.

2

A enquisa sobre salarios do INE, presentada a finais de xuño, volve a poñer de manifesto a **FENDA SALARIAL** que hai en España entre homes e mulleres. Os datos, referidos a 2017, amosan unha diferenza media de case 6 000 euros anuais. Canto maior é a responsabilidade, maior é tamén a diferenza: directoras e xerentes cobran ao redor de 12 000 euros menos. Aínda así, non todo son malas noticias: no 2017 o soldo das mulleres medrou algo máis ca o dos homes.

3

A poboación de **GAIVOTAS** descendeu en Galicia o 30 % nos últimos anos. A Sociedade Galega de Ornitoloxía ve detrás deste descenso varias causas, entre as que destacan a clausura de vertedoiros, menos descartes de pesca e algunha posible enfermidade. E reclama a intervención da Xunta para investigar unha mortalidade que entre 2011 e 2015 causou a morte do 36 % das parellas reprodutoras do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

4

“Espazo multidisciplinar para xente con fame de aprender”, así é como se define **ESCOLA UNITARIA**, a iniciativa posta en marcha en Santiago de Compostela pola Asociación de Amigos si, pero a Vaquiña polo que Vale. Un espazo multidisciplinar e de aprendizaxe no que se desenvolven accións formativas dirixidas a persoas con inquietudes profesionais dentro das industrias culturais. Podes consultar o programa de cursos para o 2019-2020 na súa web: escolaunitaria.com

5



7



6



8



Redacción

5

Segundo o INE o nivel de investimento en **INVESTIGACIÓN** en Galicia sitúase no 0,94 % do PIB, un 0,10 % por debaixo do que había en 2008, co goberno bipartito. Desde aquela, os gobernos de Feijoo viñeron recortando, de maneira continuada, o orzamento, o que obrigou a moitos investigadores a marchar fóra. No conxunto do Estado o nivel de investimento sitúase no 1,21 %, lonxe do do obxectivo do 3 % marcado pola UE.

6

A ONU recoñécelle, por trixésima oitava vez desde 1972, a **PORTO RICO** o seu dereito á autodeterminación. O Comité de Descolonización aprobou a finais de xuño unha resolución na que lle pide á Asemblea Xeral reabrir o debate sobre o asunto e anima a EUA a permitir aos portorriqueños exercer o seu dereito de autodeterminación. A illa leva máis de cinco séculos sendo unha colonia, os catro primeiros de España e o último de EUA.

7

CAIXA RURAL GALEGA vén de vivir o mellor ano da súa historia, segundo o seu presidente Manuel Varela, ao lograr un beneficio no ano 2018 de 5,4 millóns de euros. A caixa, con máis de 150 empregados e sede en Lugo, é actualmente a única entidade bancaria de capital galego. Mentres que o resto de bancos pecharon 1 300 oficinas o ano pasado, Caixa Rural Galega mantivo a súa rede e ampliouna abrindo oficina na cidade de Pontevedra.

8

España é o país europeo con maior uso e abuso de **PRODUTOS QUÍMICOS** para a agricultura: 73 000 toneladas ao ano entre o 2011 e o 2015, o que supón para a industria química unha facturación por riba dos 1 100 millóns de euros. Na parte positiva, España é tamén o primeiro produtor de Europa en agricultura ecolóxica, case dous millóns de hectáreas, o 8 % da superficie cultivada.

Amiguíños si... A dereita trinitaria

Carlos Vázquez G.



Don Xulio, párroco de San Facundo de Ribas de Miño (Lugo) alá polos anos dourados do nacionalcatolicismo, preparaba os nenos para faceren a primeira comunión. Procuraba que os rapaciños se achegasen ao misterio da trindade co habitual método Astete:

—A ver, Manuel, ¿son tres dioses ou un solo dios?

—Son tres dioses, si señor, pero derrétense nun —respondeu Manuel.

A aguda resposta do espelido rapaz ben puidera servirnos para explicar o proceso político que está a vivir a dereita española.

Un dos efectos secundarios do 15-M e da súa cristalización política en Podemos foi, sen dúbida, a división da dereita, ao reclamo daquel voceiro dos poderes fácticos que pedía un Podemos de dereitas. Así se produce o desembarco de Cs na política estatal desde Cataluña, coa bandeira da loita anticorrupción e da rexeneración política, evidentemente imprescindible logo de se confirmar a corrupción estrutural do PP. Case que canda o desembarco de Cs, prodúcese a saída da extrema dereita das fileiras do PP coa fundación de VOX, que acusa os populares de cesión covarde ante os secesionistas cataláns e trata de abandeirar o nacionalismo españolista máis radical e o regreso a posicións do nacionalcatolicismo máis rancio.

Ao primeiro aparecen nidas tres dereitas: unha moderna, rexeneradora, de centro e homologable ás dereitas liberais europeas, que encarnaría CS; a dereita tradicional, esgotada, ineficaz e ineficiente, trufada pola corrupción pero asentada no poder, a do PP; e a extrema dereita do nacionalismo españolista, centralista, homófoba, racista e garda das esencias franquistas, que se aliñaría en Vox.

Nos últimos catro anos, as tres dereitas confróntanse e disputan un amplo espazo electoral, antes ocupado polo PP. Cs avanza, o PP perde parte do seu feudo e Vox logra impor o seu discurso aos rivais directos e consegue así irromper como chave do poder no Parlamento andaluz. O partido máis prexudicado pola influencia ideolóxica de Vox é, sen dúbida, Cs, que abandona o centro político e practicamente o seu ideario orixinario, abraza o españolismo radical e, ao cabo, decídese a pactar e branquexar a extrema dereita. A xa famosa foto de Colón dá conta deste inquietante proceso.

Hoxe, resolta a última pugna electoral, estamos xa ante a verdadeira cara dos conservadores españois. Son tres partidos distintos que “se derreten” nunha mesma dereita: a dereita trinitaria. Filla do Movemento Nacional e non homologable cos conservadores e liberais europeos.

Son tres partidos distintos que “se derreten” nunha mesma dereita

Hai vinte anos estaba nunha asociación con máis de trinta socios que traballaba en casas de familia vivindo con nenos que necesitaban protección, moitos deles tutelados pola Xunta. Era un grupo moi unido por un entusiasmo especial, coidar daqueles que pola súa idade, máis o necesitan. En menos de cinco anos aquel cohesionado grupo converteuse en catro pequenos grupos despois de sufrir dúas duras escisións. En



paralelo, a asociación de grupos que traballaba no mesmo eido, e da que eran partícipes os membros do primeiro grupo, sufriu outra escisión. Persoas que durante moitísimos anos traballaran unidas cun fin común, de súpeto, tiñan posturas irreconciliables que lles impedían continuar asociadas e obrigábaas a emprender camiños separados. Diferenzas persoais ou ideolóxicas?

Uns anos despois, o nacionalismo galego sufría un proceso análogo, unha parte moi importante do BNG marchaba e fundaba Anova e Compromiso por Galicia. Ao pouco tempo emerxían as mareas. E recentemente as mareas tamén se diluían en numerosos grupos e subgrupos que testemuñan a imposibilidade de acordar camiños comúns entre persoas que non parecen moi afastadas ideoloxicamente.

Nestas dúas rupturas, a diferenza doutras que se deron na dereita ou mesmo na esquerda do Estado, é complicado enxergar diferenzas de calado. É complicado explicar as diferenzas ideolóxicas entre os nacionalismos en Galicia, da mesma forma que me resultaba complicado entender as diferenzas entre aquel grupo de educadores

Cales son os mecanismos que unen os grupos de persoas?

sociais que decidiron emprender camiños diferentes. Cales son os mecanismos que unen os grupos de persoas? Por que as mesmas persoas que poden crear un

grupo enormemente activo, poden entrar nunha deriva de rupturas e desencontros insalvable e optan pola saída? En que momento a lealdade ao grupo se torna imposible, e as voces críticas son incapaces de integrarse na corrente dominante, e a corrente dominante é incapaz de facer sitio ás voces críticas?

A saída, a voz e a lealdade son 3 enfoques distintos a problemas de cohesión. Sabéndonos comunais, e sabendo que a única forma de vivir é cohesionando a sociedade, sorprende ese continuo apetito pola saída, sobre todo cando é o resultado da nosa incapacidade de convivir e polo tanto de aceptar a diferenza.



O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo

FERREIROS DUN MUNDO MELLOR



O día 22 do xuño pasado puiden asistir en Vilanova de Lourenzá (Lugo) á xornada de memoria agradecida por Luís Trigo Chao, o “Gardarriós”, a súa parella Antonia Díaz Pérez e toda a xente que dalgunha maneira o acolleu e defendeu durante os anos nos que andou agochada por montes e vales, desde o fatídico xullo do 36 ata o 25 de xuño do 1947, no que, coa súa moza, foi asasinado en Vilanova por tropas franquistas. Unha xornada moi completa –pola mañá, catro interesantísimas comunicacións de bos historiadores; e pola tarde, unha emotiva memoria no cemiterio de Vi-

lanova, onde dispoñen dun digno monolito conmemorativo-. É ben triste pensar que os problemas da vida nunha sociedade se pretendan resolver con medidas de morte indiscriminada e cruel. E é ben triste comprobar tamén que esta lóxica siga recibindo a aprobación e aplauso, aínda que sexa algo simulado, por parte de moitas das persoas que conviven connosco aínda hoxe.

Pero, á marxe disto, por si mesmo Luís Trigo Chao, o “gardarriós” merece todo o noso recoñecemento. Emigrou de pequeno a Cuba e Arxentina, onde ademais de gañar a vida, gañou conciencia social e volveu á súa terra con vontade de axudar na organización da xente obreira e labrega da comarca de Vilanova, na busca dunha sociedade máis xusta, máis igualitaria. E tivo éxito. Pero ese foi o seu pecado. E por iso o perseguiron e o mataron. Del son estas palabras, que seguramente nos recordan as de alguén para nós, crentes, moi querido:

“As revolucións non se fan con auga de colonias, senón entregando o sangue dos mellores fillos do pobo”. (“Tomade e comed, este é o meu corpo. Tomade e bebede, este é o meu sangue entregado por vós e por todo o xénero humano”).

Fun convidado a dicir algo no acto; lin dous pequenos poemas. Un deles en forma dun responso laico. Quedei coas ganas –para outra vez será– de reivindicar a semellanza, polo menos nalgúns aspectos importantes, entre este home e tantos outros homes e mulleres coma el e Xesús de Nazaré: proxecto social (reino de Deus, neste caso) ao servizo dos últimos, comprometendo a propia vida, entregándoa despois de ser ameazado, despois de andar agochado, despois de ser traizoicamente descuberto e apresado, condenado a morte sen culpa ningunha, morte que acabou sendo redentora.

Quen nos gloriamos de honrar anualmente a morte inxusta de Xesús, tamén o facemos honrando a dos que andaron polos camiños azarosos de Deus.

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS





O peto común O tempo das avoas e avós!

Josecho de la Torre Culler

Chega o verán e con el, o remate do curso escolar. Milleiros de fogares acollen a milleiros de crianzas durante case tres meses e atópanse co problema de, que facer coas nenas e os nenos da casa. Esta situación repítese cada verán e os avances sobre conciliación familiar, cuestión madurada noutros países europeos, son escasos, obrigando ás familias a buscar alternativas para atender os seus fillos e fillas. Todo un sufrimento que recorta un tempo único e irrecuperable entre eles. Campamentos, clases de apoio, actividades lúdicas... e os avós, que ademais representan a opción máis económica de todas elas. Dende agora e até mediados de setembro, veremos unha imaxe que mestura a entrega e reciclaxe dos avós cos netos. Toda unha manifestación de bondade. Un esforzo por manter a enerxía durante un tempo prolongado que moitas veces non é controlado. Os avós, os máis, están nunha idade



boa para facer unha achega de sabedoría e experiencia pero non sempre para a existencia física que require coidar os netos durante tres meses seguidos. Tampouco para entendelo todo sobre unha infancia que nada ten que ver coa vivida noutro, cos novos desafíos, oportunidades e ameazas. Pero aí están eles, axudando e facendo que as cousas sexan máis doadas nun país que aínda ten pendente a materia de conciliar. Tanto é así que algúns nenos á volta das vacacións contarán que o mellor do verán foi estar na casa das súas avoas ou avós. Bendit@s sexan.

Rumores de esperanza

“O verán é un tempo estupendo para gozar con boas lecturas. Feliz verán”. En todas as materias nas que imparto clase, a todos aqueles que aprobaron, nos boletíns de cualificación pónolles esta observación. Así podo marchar ás miñas vacacións convencido de que sen dúbida os meus alumnos e alumnas acudirán en masa ás bibliotecas e librerías e aprovisionaranse de libros cos que gozar no período estival. Xa sei, ho, son un inxenuo. Pero pinga a pinga, día a día se cadra un ou dous...

Neste rumores vou facer o mesmo convosco. Vou recomendarvos que goceades con boas lecturas pero no voso caso vou facer outra cousiña. Vou facer un par de suxestións por se andades un pouco perdidos.

Esta ben xeitosa a novela de Domingo Villar *O último barco*. Nela segue coa continuación das dúas anteriores novelas policiais protagonizadas polo inspector Leo Caldas. Neste caso ambientada na Ría de Vigo presenta unha trama máis elaborada que nas anteriores. Ben se nota que o autor botou case dez anos en parila.

Tamén vou confesar a miña debilidade por Miguel Anxo Murado. Para min calquera dos seus libros son xeitosos pero se non queres botar lendo grandes cantidades de páxinas aconséllоче *Tres minutos no aire*. Son as intervencións radiofónicas do autor no tristemente desaparecido Diario cultural da Radio Galega e ao



seren tres minutos os capítulos lense a fume de carozo. Unha boa cantidade de anécdotas xeitosas enchen o libro.

Se non te convencen as miñas propostas proba con outras. Pero le, fai do verán un tempo de gozo. Se non, vas quedar para setembro. Feliz verán.

A viradeira

Redacción

“É o momento de facer que as nosas potencialidades se fagan realidade”



Óscar Antón Pérez, colaborador de Irimia, é enxeñeiro técnico agrícola, e exerce actualmente como responsable da xestión de horta de Melisanto (cooperativa que agora xa está plenamente integrada en CLUN). A súa posición permítelle ser un observador cualificado da evolución do agro, neste momento de profundos cambios e crises, tempos en definitiva, de repensar moitas cousas, cambiar a orientación doutras tantas e aproveitar as novas oportunidades.

Van alá máis de dous anos desde que nace CLUN, a unión de das cooperativas Feiraco, Os Irmandiños e Melisanto. Son agora arredor de 3500 socios e socias en toda Galicia, cunha facturación de arredor de 230 millóns de euros, e máis de 400 empregados. En perspectiva, como ves a fortaleza e posibilidades do cooperativismo agrario galego?

O cooperativismo debера ser un referente necesario para a posta en común dos servizos e para a comercialización dos produtos agrarios, nun país de explotacións de pequena dimensión coma o noso. Avánzase,

estamos nun punto no que hai crise de produción? Venderíanse máis produtos de horta galega se se producisen?

Nalgúns produtos houbo e hai escaseza (caso do grelo/nabiza) e se tivésemos máis produción poderíanse vender máis unidades. Isto está a acontecer con produtos tradicionalmente vinculados a modos de produción familiar. O cambio do modelo social e da forma de vida (cunha maioría da poboación vivindo na cidade e o abandono do rural) demanda igual, ou incluso máis, estes produtos porque a xente non ten,

coa xente vivindo na cidade e sen parentes na aldea créase unha nova demanda de produto de proximidade

pero non sempre se acadan todos os obxectivos. Case sempre imos máis lentos do debido. Pero non deixa de ser necesario, se cadra agora máis ca antes, que a posta en común siga a boa marcha.

Hai pouco comentábasnos que na tempada da nabiza e do grelo tiñas auténticos problemas para conseguir toda a produción que poderías vender. De tanto “eliminar produtores”

coma antes, unha parentela na aldea que llos forneza. E ao tempo, ao seren cultivos moi vencellados a esa explotación agrícola tradicional, xa non queda moito quen os cultive. O reto é conseguir mos produtores/as profesionais que se encarguen de cubrir esta demanda.

A respecto diso, responde o mercado galego a un produto galego? E o español, e o europeo? Poderíase –e

o produto galego segue ben considerado e isto é unha potencialidade que debemos explotar

deberíase- modificar os hábitos de consumos deses mercados no século XXI? Habería que diferenciar máis claramente o noso produto?

Estamos nun punto no que debemos comprender que o produto galego de hoxe ten pouco que ver co de hai 30 anos. O produto galego segue con boa consideración nos mercados e isto é unha potencialidade que debemos explotar, mesmo máis aló das nosas fronteiras. Pero hoxe debemos pular porque as potencialidades se transformen en realidade. Respondendo tamén cunha mellor diferenciación e non só en orixe, senón en convertela en parámetros obxectivos de calidade, do mesmo xeito que fan outros lugares co seu.

Desde a cooperativa tamén facedes traballo de promotores de novos proxectos, asesorando a xente, como está acontecendo agora coa liña de axudas para incorporación de activos ao agro. Está habendo incorporacións? Que perfil? Que capacidade lle ves

ao agro galego para incorporar novos emprendedores/as con proxectos sostibles e duradeiros?

Incorporacións hai, claro. Pero non en riada. A contagotas. A realidade é que o rural perde máis activos dos que gaña. E esta tendencia non ten visos de revertirse. Agora ben, as persoas que se incorporan son xente preparada, que adoita ter ideas máis claras e que, en moitos casos aposta por diferenciarse, por apuntar cara á calidade.

Os novos proxectos de incorporación, ao meu ver, deben centrarse en dúas cuestións principais: primeiro de todo, apostar pola calidade e pola diferenciación; en segundo lugar, pórse en común para garantir a sostibilidade económica. O illamento produtivo pode ter algunha vantaxe, pero adoitan ser máis favorables os proxectos colaborativos, no que por xunto se ten maior capacidade de responder ás demandas do mercado agrario.

Sodes unha grande cooperativa, pero que posibilidades lle ves ao cooperativismo agrario de pequena escala? Tería que especializarse en calidade e marca? En que nichos de produción?

O cooperativismo de pequena escala ten o seu lugar, sobre todo se se cingue á calidade. Se é capaz de acadar mercados con demandas moi específicas que permitan a sostibilidade económica.

Pero convén non esquecer que de potencialidades non se vive. Ás veces é mellor cingirse a produtos existentes con menos marxe e traballar a medio prazo na calidade que encetar un proxecto de calidade e logo non ter quen vendelo.

Os nichos de calidade hai que procuralos en produtos nos que o básico está cuberto e cómpre acadar certa especialización, sobre todo na transformación e envasado, por darlle algo máis de valor engadido á produción.



XLII Romaxe

Convocadas/os á Romaxe: FERRADOS DE CORAZÓN

Nieves Espiñeira Medín e grupo de Ferrolterra

A Romaxe de Crentes Galegos naceu con vocación bautismal. No Concilio Vaticano II resoou con forza a palabra recuperación, sinal de que algo moi importante se foi perdendo polo camiño. Recuperar a Palabra de Deus é tanto coma recuperar a Xesús de Nazaré, palabra feita vida, o Emmanuel. El quere estar presente no medio de nós. Nas Eucaristías en lingua portuguesa o sacerdote di: O SENHOR SEJA CONVOSCO, o pobo contesta con esta forma tan expresiva, tomada do profeta Sofonías: ELE ESTA NO MEIO DE NÓS. Podemos recuperala para nós. É máis xeitosa do que a nosa: E contigo tamén...



No ronsel de Pepe Chao

A teima de Xosé Chao Rego, na súa vida e acción pastoral, tan creativa, foi axudarnos a descubrir que Deus, Pai amoroso, camiña connosco, “**vén connosco e está no medio de nós**”, feito carne en cada situación e tempo concretos. Por iso nos enviou a Xesús, o Cristo, o Bo Pastor, camiño verdade e vida. E alentou sobre nós: non vos deixarei sós. Enviareivos o Espírito de Deus.

Lembrades ese libro de Pepe no que nos fala do Materno Espírito? No comezo dos tempos Deus alentou sobre

Non hai vida sen comunidade. E non hai vida de comunidade sen celebración festiva

a obra da creación e daquela infundiulle vida. E no inicio da misión e da vida pública de Xesús o Espírito Santo veu sobre del e pasou curando enfermos, facendo o ben e anunciando o Reinado de Deus, no aquí e agora concretos da historia. “Vivimos no hoxe de Deus”, escribiu o Irmán Roger de Taizé,

Con esa vocación naceu *Irimia*: “Coa forza do noso pobo hoxe proclamo o meu credo: quero ser muller e home novo, pois eu renazo galego”. E para celebralo comunitariamente naceu a Romaxe de Crentes Galegos. Non hai

vida cristiá, (nin humana), sen comunidade. E non hai vida de comunidade se non hai celebración festiva.

Que grandes intuicións e que creatividade tivo sempre o noso tan querido Pepe Chao! Non hai Galiza nin galeguidade sen comunidades e sen celebracións comunitarias. E non hai pobo se lle afogamos a fala. Que estamos a facer coa lingua? A Fala é Camiño, da Serra de Meira á Guarda mareira.

Volver ás fontes dos mil ríos

O Bernardo García Cendán, vilalbés coma Pepe Chao, e tamén poeta, para expresar iso mesmo deixounos ese fermoso canto-salmodia: O Xurdirá. Estámolo a esquecer? Teriamos de recuperalo, polo menos os de *Irimia*: Xurdirá a fala, a común.

Máis ca nunca precisamos ir ás fontes dos mil ríos. Aos da bacía do Miño e do Sil e os da vertente cántabra que todos somos atlánticos, onde viven e morren os nosos homes e mulleres, e as familias das nosas vilas mariñeiras. “Viúvas de vivos e mortos, de mulleres que non ten home e orfos que non ten pai?” Como experimentamos esa forza e vitalidade comunitaria nas tres romaxes de Aguiño, con

Paco animando: Batidos polo mar. Pero nunca abatidos. Porque: Para mariñeiros, nós!

As nosas realidades industrial, tecnolóxica e por suposto a agraria, rural e labrega, perde fala e estallle, estamos, a afogarlle a voz. Hai moitas palabras mentireiras.

Irimia precisa abrirse, ensancharse. Ten vocación de envío bautismal. Pero precisa de novo recuperar o Materno Espírito. Precisa recuperarse.

“Colle a miña man amigo, ergamos a voz xunguidos. Eu contigo e ti comigo poñeremos paz na vida. Paz de amor e de xustiza, paz nun xantar compartido, paz na vida da Galiza. Xesús falou naquel tempo palabras definitivas e precisan de nós hoxe, nesta terra e neste tempo, para ter palabras de vida e ser en amor vertidas, amor vivido en galego. Para que o futuro se gañe sementemos fe nos nenos, fe de amor e liberdade, fe en Xesús, o Cristo, e fe tamén no seu Reino?”

Precisamos bos pensadores, poetas e soñadores, artistas, músicos e cantores. Andrés Torres Queiruga publicou toda unha serie de reflexións para a recuperación. Recuperemos a Creación. Repensem: a Resurrección, a Revelación, a Cristoloxía, a Salvación, o Mal, etc. Con linguaxe asequebel, clara, profunda. Ben achega-



do ás nosas realidades cotiás, con ese estilo de escribir del, nado da experiencia, vivencia persoal e teolóxica.

A Romaxe de 2019 en Vilalba: Ferrados de corazón

O 14 de setembro na praia da Magdalena renovaremos a fe proclamando o noso credo.

Por idea de Alfonso Blanco Torrado, nas beiras do Magdalena entrando polo Rañego está o Paseo dos Soños. Entre figuras egrexias, de xeito ben

principal, o creador da Romaxe, o noso Xosé Chao Rego. Poderemos ir velo.

Non esquezamos: “O esencial é invisíbel. Só se ve ben cos ollos do corazón?” “Ferrados de Corazón”. É o lema deste ano. Un verso de Manuel María.

Alí mesmo, no silencio e a carón do noso río, antes de partirmos: Onda Ti, noso Pai, á tardiña, axuntámonos para agradecerche a ledicia do día que cae.



Río Magdalena escenario da Romaxe

ROMAXE 2019

Como chegar

Como chegar os que veñan do sur (Coruña-Santiago-Vigo)

Vir pola A6 (E70) cara a Lugo.

Abandonar a **A6: SAÍDA EN BAAMONDE, 522 A**: Coller a E70 - A8 que leva a Vilalba e Oviedo.

Abandonar a E70 - A8 na **SAÍDA 575 VILALBA**.

Na **rotonda** hai que coller a **primeira saída en dirección Vilalba**

A 2 km. aproximadamente **coller á dereita: PRAIA FLUVIAL**

A 300 metros: **ROMAXE**

Os que veñan de **Lugo, Ourense**

Igual pola **A6: SAÍDA EN BAAMONDE, 522 A**. Coller E70 - A8- Vilalba -Oviedo. O resto é idéntico

Se chovese temos garantido cuberto para celebración, xantar, actuacións da tarde e oración.



Conversamos na súa casa-obradoiro de Brión con Xosé Vizoso, o artista que poucos irimegos coñecen, aínda que sexa el quen deseñou case todos os medallóns que adornan os nosos fogares, simbolizando cada romaxe desde hai máis de 40 anos. Xosé é un conversador que engaiola coa súa palabra e non para de contar historias, das que recorda todos os detalles; asemade, é un artista total: pintor, escultor, debuxante, ceramista, ilustrador, retratista, escenógrafo, cartelista (que non carterista!)...

Como empezou todo isto?

Eu nacín con este impulso, con esta inquietude: sempre a facer garabatos, sempre debuxando, en todas partes, co que atopaba, que podía ser un anaco de ladrillo, un anaco de cal, un lapis... Penso que é algo innato en min, que non sei de quen o herdei. Sempre me impresionaron moito os cabalos; por diante da miña casa pasaban os da San Lucas. O meu primeiro cabalo debuxeino na “pizarra” co “pizarrillo”. Aos 14 anos fixen un retrato de miña nai.

Como foi a túa formación? A quen identificas como mestres?

A miña formación foi toda autodidacta, ata que veu de Valencia don Xoán Puchades, o meu primeiro profesor de debuxo no instituto de Mondoñedo, onde fixen o Bacharelato Laboral. Decía que quedara impresionado coa miña maneira de debuxar, cun trazo tan espontáneo. Apoioume moito; eu empecei a ir ao seu estudo, prestábase as ferramentas e mesmo cheguei a colaborar en obras súas. Durante o estudo do bacharelato xa facía algúns traballos, como rotular carrocerías de camións.

Que recordas deses estudos?

Recordo que eran moi completos. A partir de segundo curso, tiñamos idiomas. Daquela era o francés. Eu cheguei a cartearme cunha moza de Francia. En Física e Química tiñamos un laboratorio magnífico. Xa centrados no debuxo: en primeiro, artístico; en segundo, xeométrico; en terceiro, industrial; en cuarto, topográfico, e en quinto perspectiva.

Iamos a talleres dúas veces por semana: mecánica, carpintería, electricidade... Unha formación mellor que a “formación profesional” e con opción de facer unha carreira.

Ao final dos estudos no instituto levei o 1º Premio Nacional Xuvenil de Escultura. Ao terminar o Bacharelato, a miña ilusión era estudar Belas Artes, pero a miña familia non tiña medios económicos para pagar os meus estudos en Madrid.

Como empezou a túa relación con Sargadelos?

Naquel momento, era o ano 1968, apareceu no periódico un anuncio solicitando persoal e ofrecendo unha praza de debuxante para formarse como mestre de decoración para a

nova planta de Sargadelos que comenza. E alá me vou eu con Puchades a facer un exame. Alí estaba Isaac Díaz Pardo. Ao cabo dunha semana ou dúas chegoume unha carta procedente de Cerámicas do Castro, comunicándome que me consideraban a persoa idónea para o que necesitaban e pedíndome que me incorporase en

Comigo tiña unha confianza plena. Unha das primeiras cousas que fixen foi un decorado sobre o toxo, que se exhibiu en Barcelona. Logo desenvolveille as pezas das bruxas que deseñara el. Encargoume despois os decorados dunha obra de Irme Madásch, representada no Teatro Nacional de Budapest, que foi para min

Instituto Galego da Información. Era unha persoa entrañable, que trataba moi ben a xente. Houbo pouca xente coma el. Foi un xenio.

Como foi a túa relación co Galeguismo?

Empezou coa miña relación con Isaac. A partir de aí coñecín moitísima xente. Todo o que é Sargadelos ten unha raíz profunda en Galicia, porque parte dun coñecemento a fondo das formas. Temos o románico e un conxunto tan rico de cousas que non temos por que imitar cousas que se están facendo noutros lados. No cartelismo estamos vendo cousas que non din nada, que simplemente copian do que se está facendo noutros lados, cando temos aquí unha canteira inmensa de motivos para desenvolver: no románico, nas cousas populares, nas balconadas..., cousas auténticas, coa súa raíz.

Houbo pouca xente coma Isaac Díaz Pardo. Foi un xenio


Osedo (Sada) con todos os gastos pagos e 15 000 pesetas de dietas.

E fun alá, onde encontrei varias persoas que serían durante anos compañeiras de traballo e, sobre todo, a Isaac, que tamén foi o meu mestre, e non me separei del en toda a vida.

Como foi a túa relación con Isaac Díaz Pardo?

moi estimulante. Chegaba e dicía: “Rapaz, había que facer isto”. Eu trataba de documentarme. Había unha biblioteca que era unha marabilla, alí había de todo. Se chega a haber internet daquela! Todas as cousas tiñan unha raíz.

Foi unha relación moi estreita. Ata vivín tres anos con el en Santiago, no



Lois Ferradás e Luciano Pena



Está claro que a túa obra está enchoupada de Galicia. Non será que tamén Galicia está empapada da túa obra?

Estou empapado de experiencias, de xente do campo. Logo tamén me influíu o ambiente de Sargadelos, onde estaba moi presente a obra de Seoane.

Fixen un pouco de todo: murais, esculturas... Son 130 carteis máis 300 cubertas de libros, non sei cantos libros ilustrados (de Neira Vilas e doutros), centos de pezas de Sargadelos. Da pomba vendéronse moitos miles. A moza da cervexa a presión tamén é obra miña.

Trato de inspirarme en motivos do país e logo hai que estar ao día do que se foi facendo, non hai que ignorar a Picasso e aos grandes. Recordo que Xosé Díaz nos amosaba documentos que lle mandaban da embaixada de Alemaña ou exposicións de artistas con Kandinsky. A información é fundamental. E logo o traballo, darlle voltas ás historias, moitas voltas, can-

tas máis mellor. Fago sempre moitas variacións para poder escoller.

Falemos das túas relacións con Irimia...

Empezaron co defunto Chao Rego e logo seguiron con Manolo, Xabi e outros. Basicamente, consiste no deseño dos medallóns conmemorativos das distintas romaxes.

Como se fai para deseñar un medallón?

En Galicia hai unha canteira inmensa de motivos para crear, non temos por que imitar

Empezas por nada. “Batidos polo mar”, pensas no peixes e polos dunha maneira e doutra. Do paporrubio, contoume a historia Pepe Chao, tomeino como referencia e metino aquí. Na do Arnoia fixen coma unha lamia que habita nos ríos. Sería interesante ver todos os bosquejos de

cada un. Doulle moitas voltas. É fácil unha vez que tes encamiñada a cousa, pero ata chegar, hai que darlle voltas e revoltas.

Logo están as características do material. A porcelana é supernoble: vai a unha máquina que fai o prensado e logo cócese a 1 435 graos. Ten que levar unha curvatura para que non se deforme, pois mingua o 18%. A cor é fundamental e tamén a brancura da peza.

Agradecemos a X. Vizoso, amigo sempre xeneroso e desinteresado, o tempo e a atención que nos dedicou e facémolle o convite para que se una á celebración da romaxe deste ano, de maneira que os irimegos e irimegas poidan recoñecelo e gozar con algunha das súas divertidas historias.



Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

POLO TÁMEGA GALEGO: TERRAS DE MONTERREI



Castelo de Monterrei

Pola autovía A-52, nunha viaxe dun día (uns 150 km ida e volta desde Ourense) achegámonos ao tramo galego do Tâmega, afluente do Douro. Monterrei e Verín comparten a súa historia pero así como o primeiro ten orixes moi antigas, o segundo adquire unha maior vida desde o s. XVIII, cando aquel conxunto fortificado perdeu importancia. Hoxe a actividade económica céntrase en Verín, cabeceira da comarca dos viños con Denominación de Orixe e onde se pode xantar.

Terra con historia

Logo das liortas medievais entre algúns reis e os monxes de Celanova, no s. XV aparecen os primeiros Condes de Monterrei, en orixe os López de Zúñiga e logo os Sánchez de Ulloa, que son os que traerán a este lugar os dominicos, franciscanos e xesuítas; estes últimos, desde 1555, ocupan o veciño outeiro do Penedo Branco co seu Colexio da Compañía que, logo do seu abandono, se recons-

truíu en 1965 para facer un Parador de Turismo. Esta función en 2013 pasou ao propio conxunto do Castelo, o que deu lugar a certa contestación social ao privatizar parte dun espazo que era de visita pública.

As sucesivas liñas de murallas, unhas medievais e outras dos s. XVI e XVII,

ofrecen moitos elementos de interese, como a gran porta principal, chea de brasóns heráldicos das liñaxes relacionadas cos Condes de Monterrei, ou como a portada dun antigo Hospital de Peregrinos de 1429 (estamos nas beiras do Camiño xacobeo do Sueste), cun gran tímpano cun Pantocrátor e os catro evanxelistas e ou-



Igrexa de Vilaza, porta

Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

tras figuras e escudos posteriores. No Patio de Armas central está a igrexa de Sta. María da Gracia, que perdeu a fachada orixinal, pero que conserva unha espléndida porta do s. XIII-XIV cunha escena do paraíso no tímpano e unha boa decoración nas arquivoltas que recorda motivos de raíces prerrománicas; no seu interior está a Capela dos Condes, cun retablo pétreo con doce escenas da Paixón.

A Torre de Homenaxe mandouna construír Sancho Sánchez de Ulloa en 1482, mentres a Torre de Damas

Monterrei tivo unha das primeiras imprentas, de onde saíu o libro máis antigo de Galicia

ou das Donas está do lado do Pazo dos Condes, edificio con dúas galerías de gusto renacentista e xa do s. XVI, hoxe convertido en Parador.


Monterrei, Mixós e Vilaza

Ademais das boas vista panorámicas que ten, hai que lembrar que Monterrei foi unha auténtica aglomeración de edificios de traza popular e rural e que aquí funcionou unha das primeiras imprentas de España, de onde saíu en 1494 un Misal que pasa por

ser o libro máis antigo de Galicia, hoxe na catedral de Ourense.

Ao baixarmos de Monterrei podemos botar unha ollada á igrexa de **Sta. María de Mixós**, que conserva dúas aras romanas no seu interior e trazas prerrománicas nas súas tres ábsidas, con cadansúas pequenas, pero bonitas, ventás, aínda que a igrexa foi moi reformada nos s. XV e XVI.

Tamén iremos ata **Vilaza**, onde a igrexa de S. Salvador, que é un bo edificio barroco con curiosos aditamentos decorativos e outros restos arredor, destaca sobre todo pola imponente torre románica, unha das poucas conservadas en Galicia. Tamén en Vilaza cómpre botar unha ollada ás súas rúas e edificios, coma o Pazo dos Blanco-Raxoi, con varios escudos, e o Pazo de Limia, cun corpo de torre de comezos do s. XIX.



Igrexa de Vilaza, torre



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182


IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Boa Nova



Estamos en verán. Unha estación ben singular do noso calendario, que nos invita a rachar coa monotónia, mesmo que non gocemos de vacacións laborais ou que iso da escola xa nos fique lonxe. Gos-temos de quitármonos o saio ou non, é o momento do descanso, das viaxes, das festas parroquiais, das gastronómicas, da praia. É o parón no medio do ano, un punto e a parte, agardando un setembro que nos ofrece unha nova oportunidade de reinicio, de marcármonos novos obxectivos ou novos retos.

Descubriendo o Tempo Ordinario

Paradoxos do calendario, esta estación tan singular discorre co chamado “Tempo Ordinario” do calendario litúrxico. Posiblemente é ao que se lle presta menos atención, sendo o que ocupa máis tempo ao longo do ano.

Centrámonos nas festas, Pascua e Nadal, e nos tempos adicados á súa preparación, Advento e Coresma. Son os tempos fortes, concentramos nelas os nosos esforzos, vivindo estes momentos con máis atención. Quen non utilizou algunha vez eses 40 días da Coresma para facer unha mellora na súa vida de oración, un estudo máis detido da Biblia ou un compromiso para modificar un hábito? Quen non se animou en Advento para reiniciar a súa vida cristiá?

Tempo ordinario, tempo singular

José Antonio Martínez

Con todo, máis da metade do ano, unhas 33 ou 34 semanas, temos un tempo onde non se celebra ningún acontecemento central da vida de Cristo. Dividido en dúas etapas, a primeira abrangue entre 5 a 9 semanas, situadas antes da Coresma, mentres que despois de Pascua sitúanse as outras 21 a 25 semanas. Intercaladas con algunhas festas, até a festividade de Cristo Rei, a Igrexa medita o Evanxeo, o misterio de Xesús, a súa predicación e ministerio previo á paixón. Para isto segue un ciclo trienal, o dos Evanxeos sinópticos, centrado en Mateo no ciclo A, Marcos no B e Lucas no C.

Como aproveitar o Tempo Ordinario

Como lle sacar proveito a este tempo? Como o integrar na nosa vida cristiá? O Tempo Ordinario, máis da metade do ano!, é un momento que podemos aproveitar no noso proceso de crecemento persoal, de crecemento espiritual. Todo

Aproveita a posibilidade de vivir a espiritualidade no Tempo Ordinario

no que profundamos durante a Coresma e na Pascua, é agora o momento para poñelo en práctica.

Isto do seguimento de Xesús non consis-

te en buscalo por aquí, ou por alá, en vivilo ou circunscribilo a momentos centrais, “porque a verdade é que o Reino de Deus xa está entre vós” (Lc 17, 20–21). É no día a día, nesa ordinariedade, onde se nos ofrece a oportunidade para pór en práctica iso que celebremos na Pascua, no Advento ou na Coresma, a posibilidade de vivir a nosa espiritualidade fóra deses tempos fortes do calendario litúrxico.

E como aproveitar o Tempo Ordinario? Aquí te deixamos dúas propostas:

- 1- Presta atención a eses momentos de tranquilidade, de calma, de non facer nada, que aparecen nos días de verán. Dálle unha oportunidade ao silencio interior, á oración, nuns momentos que ías ocupar co teu teléfono ou computador.
- 2- Busca un momento para te preguntar a que te sintes chamada/o coma cristiá. Incorpora á túa vida, aos teus plans, aos teus obxectivos, ao teu proxecto vital, iso para o que te sintes enviada.

Como poderías profundar no Tempo Ordinario?

Artigo inspirado no episodio do podcast “The Tightrope”, titulado Ordinary Time Resolutions.

Falando da lingua

Lidia e Valentina



É obrigado comezarmos por unha pregunta: vistes, quen non os coñecades, os programas da TVG que mencionamos no número pasado? Se si, xa todos tendes a vosa opinión formada sobre o galego de Tania Fuegho (Luar) ou de Eva Iglesias (a Concha do Land Rober, que agora embarazada xa non fai de xubilada) sobre o seu uso-non uso da gheada e do seseo, sen ir máis lonxe.

Reflexionastes tamén cal sería a razón de que lle achachen máis “finura” á presentadora de “Fun polo vento” que está no plató ca á reporteira que fala un galego coma o dalgúns paisanos aos que entrevista nas múltiples festas polas que pasa de parroquia en

parroquia. En cambio, a primeira, usa un galego estándar que, se cadra, só fala diante das cámaras da televisión.

Ademais de cal sexa a lingua inicial de cadaquén nestes casos, supoñemos que tantos anos de ortofoniatras para tratar a “patoloxía do acento galego” de quen quere traballar en Madrid conseguiron que a moitos persoeiros públicos, aínda falando a nosa lingua, non se lles note que son de aquí. E será que queren ser de alí? É por iso que se esforzan tanto para que non se lles aprecie o acento? Supoñemos que a lingua foi (e se cadra aínda é) esa marca que os sitúa nun sitio do que renegan. E todo este sarillo derivou en que o auténtico pareza o malo

e o non auténtico o bo. O mundo das linguas posto do revés! Pois coincidiredes connosco en que non debe ser san nin saudable que se teña unha opinión negativa daquelas persoas que teñen o galego como primeira lingua na terra onde o galego naceu, que son as que -en xeral- colocan ben os pronomes, teñen léxico galego, dominan a semántica, din “o leite” e “o mel” e o seu acento é diferente do da meseta (máis ou menos central).

É certo que o paso que se deu deixando falar como o fan ás persoas que mencionamos arriba é fundamental para que sexan modelos lingüísticos, mais vai ter que pasar tempo para que se asenten e vaian calando de bo grao entre o público galegófono que as escoita, para que dunha vez as deixen de ver como “montañesas”. Un paso fundamental para que nos sintamos orgullosos e orgullosas do que somos é que Tania e Inés estean na televisión entre as que “falan ben”. Con isto non queremos dicir que non haxa que diferenciar rexistros lingüísticos, feito indiscutible; pero o que non se pode é revirar o que significa a dignificación da lingua e das persoas que a falan.

O Fachineiro da poboación

Catro gatos

Neste mesmo número podemos ler unha entrevista sobre cooperativismo agrario que pode insuflar alento no campo galego. Boa falta fai, porque o noso é un devalo a cámara lenta, pero devalo inexorable. Acábanse de publicar datos que din como hai concellos que perderon o 80% da súa poboación durante o último século. As provincias de Lugo e Ourense van camiño de se converter nunha devesa con pequenas illas nas capitais e dous ou tres núcleos máis. Os galegos e as galegas ímonos arrecunchando cara á costa, que é onde vivimos a maioría. Hai moitos anos, Novoneyra referíase nun



dos seus poemas a algunha aldea courelá coma “pobos pobres que foron quedando nos ósos”. Se os vise agora faltábanlle os adxectivos. Hai moitos lugares do interior do país onde non hai a quen preguntar para chegar aos sitios. Onde había carballos ou piñeiros agora hai eucaliptos. Os camiños fóronse estreitando, as fontes secando, os microtopónimos desaparecendo coa xente. En moitas parroquias xa non hai quen faga a festa. E con esa xente tamén se vai indo a lingua que falaban. Ninguén marcha por gusto, senón por falta de oportunidades e servizos. Así que boa falta fai que a xente volva ás leiras, antes de que todo sexa territorio ence.

A.Q.